

Unha lembranza (Begoña Durán Rodríguez, 4º ESO A)

Chove, levamos días tendo como único son nos nosos oídos o chocar das pingas da choiva nas fiestras da residencia. Este ruído tan monótono está facendo que os nosos sentidos esmorezan , que cada día que pasa e non podemos saír pasear polo pequeno xardín que ten este recuncho donde nos deixaron aparcados os nosos familiares ,sexa cada vez peor. Aquí temos un pouco de todo. Temos o grupo dos vellos que non se moven das súas camas ,como lles chamamos nós os durmintes , pois para que non molesten moito téñenos medicados a maior parte do día e, como non, da noite .Tan só molestan cando as dores son tales que os berros non nos deixan durmir, e asústannos , non porque os oiamos senón porque os que aínda temos un pouco de cachola dámonos conta que non nos fan moito caso, que estamos abandonados e que calquear día non amencemos e, o peor, que estamos sos.

Eu podería falar de moitas cousas que pasan aquí dentro pero, ¿ a quen lle importaría? As nosas familias din que non poden ternos na casa pero iso non sempre é verdade, dicindo a verdade eu penso que nunca o é. No meu caso dixéronme que era polo meu ben , pero non mo preguntaron ,a min ninguén me dixo “Xulia, ¿queres ir vivir para xunto doutros vellos con achaques coma ti?” Pois non ,que lles ía contesta . Teño oitenta anos e podo contar dúas grandes loitas no curso da miña vida: unha foi o vivir dunha guerra que non busquei pero que si atopei e a outra a compañía do Alzheimer. Esta enfermidade atopáronma hai un tempo, por desgracia non é un catarro que se cure con medicamentos pero con paciencia e medicación pódennma ir retrasando e podo ir vivindo con calma os poucos recordos que teño atados con esta corda ó meu pescozo, pois cando a solte a Xulia xa non será máis que un boneco na cama como tantos aquí. Esta loita estouna facendo soa e triste porque sempre pensei que chegado o momento a miña filla ía estar comigo. Sempre me imaxinei co meu home camiñando polo paseo de Baiona , velliños , collidos por un brazo e axudándonos un ó outro .Pero Deus non o quixo así .O meu Paco amenceu un día ó meu carón morto .O seu corpo frío é o meu último recordo , non me deixou despedirme despois de moitos anos xuntos e o que el non se imaxinaba era o soa que me ía a deixar despois de loitar tanto para tanta xente. Se o meu Paco me quixera ,como moitas veces lle digo, non me deixaría aquí loitando coa soidade , pois agora non teño familia xa que a miña ben querida filla deixoume aquí. Ben, isto se o lese ela negaría pois como lle di ela ás amigas para ser unha señora moi garimosa para a súa nai ,ela tivo que deixarme aquí porque na súa casa eu non ía estar tan ben coidada como aquí ,pois eu necesito uns coidados que ninguén na súa casa me pode dar. E eu co pouco que teño de sentido moitos destes días de choiva que non podo facer nada máis que pensar preguntome ¿para que traballei tanto . Traballei para darlle un futuro á filla , e por se fose pouco tamén quixen que ós meus netos non lles faltase nada .E o resultado foi unha filla cun bo traballo pero con moita vida social, onde unha vella estorba e uns netos que procuraron voar ben lonxe para non ter que saber da avoa e dos pais. Se un consolo me queda nesta angustia é que ela vai rematar nun sitio como este e é triste, e non se debería de dicir e moito menos pensar, pero é que eu non quero estar aquí .

¿Canto me queda de lucidez? Non o sei, pero antes de que chegue ese día eu quería ir á miña casaña .¿Como estarán as miñas hortensias e os meus xeranos? Morrería Consuelo ou seguirá vivindo coa nora .Esa si que tivo sorte . Morreulle o fillo

pero a nora coidoua como se fose a súa propia nai. Lémbrome das súas manciñas espidas ,do seu pano na cabeza e do bo falar que tiña.

Esta loita sei que non vai ter bo remate pero si vai ter unha paz que agora non teño. Sei, como me dixeron, que pouco a pouco podo ir despedíndome dos recordos ,e sei que un día, que moitas veces lle pido a Deus que sexa axiña, deixarei de sufrir ,non haberá recordos da casa ,da familia , dos amigos e como non, da miña vida, e ese día haberá PAZ porque ese día estarei morta , respirarei pero xa non sufrirei.

Xa chegou de falar sobre a enfermidade, estou dándolle máis protagonismo do que merece, pois esa Paz aínda queda lonxe.

Quero falar sobre a miña vida.

Vou falar sobre unha Paz que xa vivín nunha loita que xa fixen.

A gran Guerra en España tocounos de maneira diferente á xente. Eu estiven no grupo dos pobres. Pobres no sentido económico e tamén no cultural. Os meus pais eran campesiños e mariñeiros, pois o campo non daba o suficiente para alimentar a oito fillos. Lémbrome como meu pai saía polas noites nunha gamela a soltar os aparellos cun dos meus irmás e a mañá ían recollelos. Se había un bo día podían traer un pouco de peixiño que non se acostumab comer na casa, pois era para vender e así sacar uns cartos que facían falta para as medicinas da miña irmá pequecha. A Rosa nacera cunha enfermidade nos pulmóns e a fame e o frío non era moi bos para ela.

Recordo os ollos de Rosa. Era unha meniña loira cuns ollos claros que parecía que che pedían un sorriso. Daba ledicia mirala e todos os que o facían dicían o mesmo: ``que meniña máis bonita, que pena que teña esta doenza``

Na miña casa nunca lembrei fartura pero iso nunca fixo que meus pais discutisen nin que deixaran de axudar ás veces a algún dos familiares que o necesitaban aínda máis ca nós.

Cando tiñamos algo de peixe, pois faciamos ledicias pero cando non... botabamos man das patacas que sacaba a miña nai do prado da avoa Maruxa. Eramos uns privilexiados , a maioría dos días pois moitos dos nosos veciños non tiñan moitas veces nada que pór na mesa.

Eran días de fame, pero o peor non era iso senón a loita entre iguais, porque todos somos e eramos iguais con máis uo menos cartos, pero iguais. E non me canso de dicir esta palabra porque morrerei non sei se mañá, pero este pensar non mo lograron borrar do espírito.

Meu pai sempre nos dicía: ``Fillos: os homes poden ter máis ou menos riquezas pero se traballades sempre herdaredes un pouco de comer e un futuro por diante. Non deixedes de pensar por vós e loitar por ter un futuro de igualdade para os vosos fillos ``.

Por pensar isto hoxe non pasa nada pero naqueles tempos podíalle traer problemas e así foi, pois non tardou moitos anos en caer nas mans dun veciño que o denunciou e rematou no cárcere. Miña nai tivo que facerse cargo dos fillos coa axuda dos meus irmáns maiores e as rapazas fixemos o que puidemos para quitar as castañas do lume.

A nosa nenez non foi tal. Non tivemos xogos. Esa Guerra non foi tan só de ideas políticas, de bandos, de xente maior, senón que os nenos fomos roubados Digoroubar, si, porque quitáronnos de malas maneiras o tempo de nenos, a inocencia, a comida, as risas, a festa, a familia e no meu caso ó meu pai, creo que teño dereito a dicir nos meus últimos días que me ROUBARON.

E por outro lado metéronnos na pel o medo. Medo a pensar en alto, a relacionarnos cos demais, a ter ideas propias, a ter soños. Quen mo ía dicir.

Agora que podería soñar, facer cousas, é cando Deus me quita a liberdade de ser eu mesma e teño que depender das ordes doutros.

Nos recordos que teño da miña nai está sempre traballando:ou estaba no campo ou vendendo peixe. Lémbrome dela zurcindo os calcetíns ou remendando os pantalóns dos meus irmáns que non daban para máis.

Tiña unha beleza espectacular. Era desas mulleres que chamaban a atención . A miña irmá pequena tiña os seus ollos pero todos rogabamos que tivese un mellor futuro.

Cando miña nai saía á rúa vender o peixe, a súa beleza adornaba aqueles cestóns que eran o noso futuro.

As outras fillas non saímos a ela. A nosa pel era morena e os cabelos escuros. Non saímos tan delgadas pero si un pouco máis altas.

Recordo como era cando morreu, aínda con noventa anos a súa beleza era a súa bandeira.

Cando nos xuntamos aquí os tres ou catro que quedamos con cabeza e sembramos a miseria que nos tocou vivir sempre chegamos á mesma conclusión:

-Agora din que temos crise pero os vellos preguntámonos, ¿ entón o que nós vivimos que foi?

Cando tiñamos unha romaría os maiores ían cuidando ós máis pequenos. As mozas solteiras eran cuidadas polos seus pais ou pola familia como tesouros porque o único que lles quedaba ás familias era a súa honra.

-¡Meu Deus, saberán os mozas de agora que significa esa palabra! Ou tamén as nosas familias esaxeraban con ese tema.

Para todo hai un tempo. Non por apurar, como pensan os mozos, se chega antes e niso creo que nós o tiñamos máis bonito. O roubar un bico, unha aperta a escondidas ou namorarse por correo eran cousas que marcaban as vidas.

Cando eu comecei a namorar, o meu Paco tiña dezaioito anos. Cando el me invitaba a algo non era a unha discoteca senón que, con moita sorte ,sería a dar un paseiño cunha das miñas irmás e invitábanos a uns churriños, ¡que churros! Eu nunca comerei outros que estean tan bos.

Tiñamos fame pero a compañía e a ilusión dábanlles outro sabor. Paco era mariñeiro tamén pero naquel tempo o mar pareceu que tamén quixo guerra e non quería dar de comer, por iso el tivo que marchar a buscar a vida.

Estivemos varios anos namorando por carta. Á miña nai iso tranquilizouna durante un tempo pois mentres, non tiña porque preocuparse, segundo ela.

Cando tivo algo xunto mandoume chamar e así foi como marchei buscando pan noutro país que non coñecía. Cheguei a un país novo e descoñecido pero tiña alí ó meu home e moita ilusión por sacar de penas ós que deixei atrás.

Traballamos horas a rabiar, se aquí pasamos penurias alí non o fomos pasar mellor. Pero tiñamos unha meta que era aforrar uns cartos para voltar con algo aforrado e ter un futuro na nosa terra.

Todo o que pensamos facer nun tempo foise alongando e cando pasaron uns anos voltamos cunha nena e uns poucos aforros que nos deron para comprar unha barca que Paco usou para buscar a vida aquí.

Eu dediqueime a traballar cara ó publico pois puxen unha mercería e axudounos a levantar cabeza.

Os anos de fame pouco a pouco foron pasando e os negocios fómolos levantando con traballo e moita paciencia.

A Paz respirábase de súpeto nas rúas e pouco a pouco o medo polos nosos fillos íámolo superando, aínda que o que levabamos dentro xa estaba gardado nos corazóns e moito máis nos nosos espíritos.

Xa non levaban a ninguén para o cárcere sen máis. Xa empezabamos a ter uns dereitos e uns deberes e sobre todo xa podíamos ter unha Paz que se respiraba na rúa.

Lembro con morriña como nun pobo todos nos coñeciamos e como nos negocios que comezabamos, dabamos ó fiado á xente.

Agora estamos vivindo no individualismo persoal e cand quen pensa en si mesmo.

Moito dei eu ó fiado e non pasou nada. Todo o contrario. Pouco a pouco a xente pagábame e así eu ía traendo máis mercadoría. Non fun abaixo, claro que non. Traballaba todos os días, tiña a miña horta, vendía o peixe do meu home ás clientas e fomos prosperando. Como aforradora penso que ninguén me gaña pero para o que me serviu...

A miña tenda cando me xubilei a miña filla vendeuna, pois como ela dicía era unha carga menos. Aí xa tiña que ir fixándome que non lle custaba desfacerse dos meus recordos. Cando se vendeu a tenda moitos recordos foron con ela:

Tiña a Carmiña do Loureiro, que era outra viúva da guerra, como lle chamaban naqueles tempos ás mulleres dos presos porque elas tiñan que sacar ós fillos como se así fose. Eles sabían cando entraban no cárcere pero non cando saían.

Carmiña era boa muller, pero buscou o camiño que ela pensou máis fácil para darlles de comer a todos ós que a súa mesa se sentaban.

Ninguén a podía xulgar porque o que ela facía tampouco era de bo gusto, era un oficio máis e, como a miña naiiciña dicía, o máis vello do mundo.

Moita xente falaba ás súas costas pero ela comía e os seus tamén e no fondo era o que lle importaba.

Eu nunca lle dei as costas e ela sempre mo agradeceu. Pagábame cando podía e moitas veces coideille os fillos para que ela puidese gañar uns pesos.

Os fillos son homes e mulleres de bo vivir e ela, a pobre, morreu dunha enfermidade que pelexou con ela case tres anos, mais sempre estivemos unidas pola dor e polas moitas alegrías que pasamos, unidas á chicoria na trastenda do meu negocio.

Lola, Loliña, outra paisana nosa que tiña un bar na mesma rúa ca nós. Cando Carmiña necesitaba unha man, aí estábamos ou Lola ou eu. Tiñamos unha relación moi boa aínda que non eramos da mesma quinta.

Lola era unha muller aberta, moi emprendedora e sobre todo sabía facer cartos ata dunha desgraza. Se tiñamos unha festa ela facía cartiños, se polo contrario había un funeral ela tamén se solidarizaba abrindo pero para facer cartiños. Era moi tacaña pero cando a necesitabamos alí estaba.

O home de Lola morreu atropelado por un coche cando ía para o traballo e ela non tardou moito en seguilo pois a soidade non a puido quitar.

Lola ademais de ser a miña amiga, confidente, unha máis da miña familia fíxome unha xogada que nin unha irmá. Cando ela faltou, deixoulle todo o que tiña á miña filla pois era o seu olliño dereito e resolveulle gran parte do seu futuro.

Ás veces, cando penso no meu remate estou tranquila e sinto Paz no meu espírito pois sei que falta menos para reunirme cos meus, os que se me adiantaron e que me están esperando coa súa achicoria, cunha baralla de cartas e unha boa conversa das nosas cousas.

Xa falta menos para que Paco me colla polo brazo e me leve de paseo...